



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 284
27 de marzo de 2018

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

I 28057 (10/PNC-002199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un informe que reflicta as condicións pactadas para a finalización das obras de ampliación da ponte de Rande, as que estaban rematadas o 31 de decembro de 2017 e as que continuaban o 1 de xaneiro de 2018, así como para levar a cabo un estudo do posible incumprimento do convenio que permitía a suba das peaxes [90327](#)

I 28088 (10/PNC-002200)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a elaboración dun protocolo específico para o control, medición e prevención do radon nos postos de traballo en Galicia e para dirixirse ao Goberno central co fin de instalar a que realice a transposición da Directiva 2013/59/Euratom [90330](#)

I 28111 (10/PNC-002201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo [90332](#)

I 28120 (10/PNC-002202)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para convocar prazas para as especialidades de enxeñaría que exixan formación específica en materia ferroviaria [90336](#)

I 28129 (10/PNC-002203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia entre a formar parte do Consello Galego de Turismo de Galicia [90339](#)

I 28131 (10/PNC-002204)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un informe anual no que se recolla a cantidade de lixo que se atopa no mar e nos areais das costas galegas, coa indicación da súa procedencia, o tipo de lixo e o xeito de combater a súa proliferación

[90341](#)**I 28136 (10/PNC-002205)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para rematar a execución, no primeiro semestre deste ano, dos pagamentos pendentes e comprometidos aos afectados pola couza guatemalteca

[90344](#)**I 28138 (10/PNC-002206)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

[90346](#)**I 28145 (10/PNC-002207)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central de cara á negociación dos orzamentos europeos para o período 2021-2027 e a defensa dos intereses de Galicia na obtención de fondos europeos

[90350](#)**I 28178 (10/PNC-002208)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para o fomento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo aos vehículos de motor co obxecto de contribuír á loita contra o cambio climático e a mellora da saúde dos cidadáns

[90353](#)**I 28188 (10/PNC-002209)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e 7 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados que continúen traballando na subcomisión para elaborar un Pacto de Estado social e político pola educación

[90358](#)**I 28193 (10/PNC-002210)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para tramitar as obras de reparación e contención nas zonas da praia da Lamiña e O Codesal, no concello da Guarda, para evitar maiores

prexuízos pola deterioración da liña de costa na ribeira española do esteiro do Miño e solicitar un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas [90361](#)

I 28197 (10/PNC-002211)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno de España a prohibición de que os políticos con responsabilidades de goberno poidan formar parte dos cargos directivos ou consellos de administración das empresas eléctricas cando operen en España [90364](#)

I 28202 (10/PNC-002212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar no ano 2019 o orzamento do fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas, así como as actuacións que debe realizar ante o Goberno central para garantir o poder adquisitivo das pensións, o futuro do sistema e a adopción de medidas específicas para a eliminación progresiva da brecha existente entre as pensións dos homes e das mulleres [90372](#)

I 28208 (10/PNC-002213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia referida á realización dun informe de edificacións inacabadas de toda Galicia e, a partir deste, a realización dun mapa galego de vivendas inacabadas, así como as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa dita problemática [90376](#)

I 28214 (10/PNC-002214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a situación laboral da mocidade galega e para instar o Goberno de España a derrogar o Real decreto lei 2/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a mellorar o contrato para a formación e a intensificar as campañas da Inspección de Traballo para a vixilancia deste tipo de contratos [90383](#)

I 28219 (10/PNC-002215)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para resolver os problemas de salubridade da auga no centro escolar Rosalía de Castro de Carril e acometer as obras urxentes demandadas pola ANPA do centro, así como a inclusión nos próximos orzamentos dunha partida para a construción dun novo edificio nos terreos do actual [90387](#)

I 28227 (10/PNC-002216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para aplicar no sector público autonómico o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, suscrito o 9 de marzo de 2018 polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais [90391](#)

I 28228 (10/PNC-002217)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para aplicar no sector público autonómico o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, subscrito o 9 de marzo de 2018 polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais [90393](#)

I 28237 (10/PNC-002218)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, para o remate das obras e apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial, así como a posta en marcha pola Xunta de Galicia de todas as medidas ao seu alcance para concretar a súa remodelación [90395](#)

I 28242 (10/PNC-002219)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en todas as liñas de axudas destinadas ás comunidades de montes, da posibilidade de que estas ou súas mancomunidades fagan os traballos obxecto das axudas [90398](#)

I 28247 (10/PNC-002220)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obriga de reinvestimento do 40 % de todos os ingresos dos montes veciñais en man común [90401](#)

I 28251 (10/PNC-002221)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o cumprimento da legalidade na comercialización de madeira e dos seus produtos [90404](#)

I 28308 (10/PNC-002222)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre a publicación pola Xunta de Galicia do Programa de desenvolvemento rural sostible 2014-2020, así como as súas zonas e plans de zona, na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural [90407](#)

I 28312 (10/PNC-002223)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero [90410](#)

I 28314 (10/PNC-002224)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**

Sobre o establecemento polo Goberno galego, a través da Secretaría de Política Lingüística, dos acordos necesarios coa CRTVG para aumentar e mellorar a oferta global de programación infantil e xuvenil en lingua galega da TVG

[90413](#)**I 28319 (10/PNC-002225)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a substitución pola Xunta de Galicia dos efectivos da UME e da Operación Centinela polo persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais para os labores de extinción do lume na comunidade autónoma

[90415](#)**I 28325 (10/PNC-002226)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de deterioración que presenta o peirao de Corrubedo, no concello de Ribeira

[90417](#)**I 28331 (10/PNC-002227)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 3 máis**

Sobre o remate polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2018, das obras de saneamento do Ézaro, O Pindo, Carnota e Dumbría, así como a adopción das medidas oportunas para a posta en funcionamento do novo colector que está a executar desde o Ézaro ata a depuradora do Panchés, en Carnota

[90421](#)**I 28337 (10/PNC-002228)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de portos e lonxas de interese xeral

[90423](#)**I 28342 (10/PNC-002229)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e 2 máis**

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun plan de fomento da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica

[90426](#)**I 28353 (10/PNC-002230)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa da liberdade de expresión, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais

[90429](#)

I 28359 (10/PNC-002231)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña [90432](#)

I 28373 (10/PNC-002232)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela [90436](#)

I 28392 (10/PNC-002233)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a elaboración polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia, dun plan para analizar a desviación do aforro galego e impulsar medidas para a súa recuperación e mantemento, co fin de favorecer o seu destino para os sectores produtivos [90440](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos**1.5.4. De ámbito europeo****1.5.4.1. Unión Europea**

Resolución da Presidencia, do 26 de marzo de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a emisión de bonos garantidos e a supervisión pública dos bonos garantidos, e pola que se modifican a Directiva 2009/65/CE e a Directiva 2014/59/UE (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 94 final] [2018/0043 (COD)] {SWD (2018)50}-{WSD(2018)51}

10/UECS-000141 (28469)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a emisión de bonos garantidos e a supervisión pública dos bonos garantidos, e pola que se modifican a Directiva 2009/65/CE e a Directiva 2014/59/UE (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 94 final] [2018/0043 (COD)] {SWD (2018)50}-{WSD(2018)51} [90444](#)

Resolución da Presidencia, do 26 de marzo de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre contaminantes orgánicos persistentes (versión refundida (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 144 final Anexos] [2018/0070 (COD)]

10/UECS-000142 (28475)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre contaminantes orgánicos persistentes (versión refundida (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 144 final Anexos] [2018/0070 (COD)] [90492](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de marzo de 2018, acordou autorizar a Presidencia da Cámara para que, mediante resolución, da cal se dará conta na próxima reunión da Mesa que teña lugar, cualifique e admita a trámite os documentos presentados no Rexistro da Cámara no período comprendido entre os días 15 e 22 de marzo de 2018.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 28057 (10/PNC-002199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un informe que reflecta as condicións pactadas para a finalización das obras de ampliación da ponte de Rande, as que estaban rematadas o 31 de decembro de 2017 e as que continuaban o 1 de xaneiro de 2018, así como para levar a cabo un estudo do posible incumprimento do convenio que permitía a suba das peaxes
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28088 (10/PNC-002200)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a elaboración dun protocolo específico para o control, medición e prevención do radon nos postos de traballo en Galicia e para dirixirse ao Goberno central co fin de instalar a que realice a transposición da Directiva 2013/59/Euratom
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28111 (10/PNC-002201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 28120 (10/PNC-002202)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para convocar prazas para as especialidades de enxeñaría que exixan formación específica en materia ferroviaria
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28129 (10/PNC-002203)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia entre a formar parte do Consello Galego de Turismo de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 28131 (10/PNC-002204)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un informe anual no que se recolla a cantidade de lixo que se atopa no mar e nos areais das costas galegas, coa indicación da súa procedencia, o tipo de lixo e o xeito de combater a súa proliferación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28136 (10/PNC-002205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para rematar a execución, no primeiro semestre deste ano, dos pagamentos pendentes e comprometidos aos afectados pola couza guatemalteca

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28138 (10/PNC-002206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28145 (10/PNC-002207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central de cara á negociación dos orzamentos europeos para o período 2021-2027 e a defensa dos intereses de Galicia na obtención de fondos europeos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28178 (10/PNC-002208)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para o fomento do uso da bicicleta como medio de desprazamento alternativo aos vehículos de motor co obxecto de contribuír á loita contra o cambio climático e a mellora da saúde dos cidadáns

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28188 (10/PNC-002209)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados que continúen traballando na subcomisión para elaborar un Pacto de Estado social e político pola educación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28193 (10/PNC-002210)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para tramitar as obras de reparación e contención nas zonas da praia da Lamiña e O Codesal, no concello da Guarda, para evitar maiores prexuízos pola deterioración da liña de costa na ribeira española do esteiro do Miño e solicitar un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28197 (10/PNC-002211)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno de España a prohibición de que os políticos con responsabilidades de goberno poidan formar parte dos cargos directivos ou consellos de administración das empresas eléctricas cando operen en España

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 28202 (10/PNC-002212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar no ano 2019 o orzamento do fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas, así como as actuacións que debe realizar ante o Goberno central para garantir o poder adquisitivo das pensións, o futuro do sistema e a adopción de medidas específicas para a eliminación progresiva da brecha existente entre as pensións dos homes e das mulleres

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28208 (10/PNC-002213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia referida á realización dun informe de edificacións inacabadas de toda Galicia e, a partir deste, a realización dun mapa galego de vivendas inacabadas, así como as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa dita problemática

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28214 (10/PNC-002214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para mellorar a situación laboral da mocidade galega e para instar o Goberno de España a derrogar o Real decreto lei 2/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, a mellorar o contrato para a formación e a intensificar as campañas da Inspección de Traballo para a vixilancia deste tipo de contratos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28219 (10/PNC-002215)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para resolver os problemas de salubridade da auga no centro escolar Rosalía de Castro de Carril e acometer as obras urxentes demandadas pola ANPA do centro, así como a inclusión nos próximos orzamentos dunha partida para a construción dun novo edificio nos terreos do actual

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28227 (10/PNC-002216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para aplicar no sector público autonómico o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, suscrito o 9 de marzo de 2018 polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 28228 (10/PNC-002217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para aplicar no sector público autonómico o II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo, suscrito o 9 de marzo de 2018 polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 28237 (10/PNC-002218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, para o remate das obras e apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial, así como a posta en marcha pola Xunta de Galicia de todas as medidas ao seu alcance para concretar a súa remodelación

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28242 (10/PNC-002219)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en todas as liñas de axudas destinadas ás comunidades de montes, da posibilidade de que estas ou súas mancomunidades fagan os traballos obxecto das axudas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28247 (10/PNC-002220)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obriga de reinvestimento do 40 % de todos os ingresos dos montes veciñais en man común

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28251 (10/PNC-002221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o cumprimento da legalidade na comercialización de madeira e dos seus produtos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28308 (10/PNC-002222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a publicación pola Xunta de Galicia do Programa de desenvolvemento rural sostible 2014-2020, así como as súas zonas e plans de zona, na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28312 (10/PNC-002223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prevención e tratamento integral da violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28314 (10/PNC-002224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego, a través da Secretaría de Política Lingüística, dos acordos necesarios coa CRTVG para aumentar e mellorar a oferta global de programación infantil e xuvenil en lingua galega da TVG

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 28319 (10/PNC-002225)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a substitución pola Xunta de Galicia dos efectivos da UME e da Operación Centinela polo persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais para os labores de extinción do lume na comunidade autónoma

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28325 (10/PNC-002226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación de deterioración que presenta o peirao de Corrubedo, no concello de Ribeira

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 28331 (10/PNC-002227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 3 máis

Sobre o remate polo Goberno galego, no primeiro semestre de 2018, das obras de saneamento do Ézaro, O Pindo, Carnota e Dumbría, así como a adopción das medidas oportunas para a posta en funcionamento do novo colector que está a executar desde o Ézaro ata a depuradora do Panchés, en Carnota

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28337 (10/PNC-002228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de portos e lonxas de interese xeral

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 28342 (10/PNC-002229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dun plan de fomento da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 28353 (10/PNC-002230)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa defensa da liberdade de expresión, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central respecto do exercicio dos dereitos e liberdades fundamentais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 28359 (10/PNC-002231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 28373 (10/PNC-002232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 28392 (10/PNC-002233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego, para o seu debate no Parlamento de Galicia, dun plan para analizar a desviación do aforro galego e impulsar medidas para a súa recuperación e mantemento, co fin de favorecer o seu destino para os sectores produtivos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 26 de marzo de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a emisión de bonos garantidos e a supervisión pública dos bonos garantidos, e pola que se modifican a Directiva 2009/65/CE e a Directiva 2014/59/UE (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 94 final] [2018/0043 (COD)] {SWD (2018)50}-{WSD(2018)51}

10/UECS-000141 (28469)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a emisión de bonos garantidos e a supervisión pública dos bonos garantidos, e pola que se modifican a Directiva 2009/65/CE e a Directiva 2014/59/UE (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 94 final] [2018/0043 (COD)] {SWD (2018)50}-{WSD(2018)51}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28469, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativa á proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a emisión de bonos garantidos e a supervisión pública dos bonos garantidos, e pola que se modifican a Directiva 2009/65/CE e a Directiva 2014/59/UE (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 94 final] [2018/0043 (COD)] {SWD (2018)50}-{WSD(2018)51}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 26 de marzo de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre contaminantes orgánicos persistentes (versión refundida (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 144 final Anexos] [2018/0070 (COD)])

10/UECS-000142 (28475)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre contaminantes orgánicos persistentes (versión refundida (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2018) 144 final Anexos] [2018/0070 (COD)])

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28475, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre contaminantes orgánicos persistentes (versión refundida (Texto pertinente a efectos do EEE) [COM(2018) 144 final Anexos] [2018/0070 (COD)]).

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Abel Losada Álvarez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Os veciños e veciñas do Morrazo, e concretamente aqueles afectados directamente polas obras de ampliación da ponte de Rande na AP9, teñen amosado a súa disconformidade coa xestión realizada dende o Ministerio de Fomento respecto das obras en execución.

Con data 30 de decembro de 2017 se procedeu á inauguración das mesmas, considerándoas rematadas. Non obstante, transcorrido un mes, os veciños e veciñas da zona decátanse polos medios de prensa e polas múltiples queixas veciñais de que ditas obras son retomadas, estando a día de hoxe aínda en execución. Son moitos os usuarios que padecen dende entón o peche de carrís e redireccionamentos, non só na ponte senón en tramos previos ó acceso da mesma. Estes traballos están a provocar retencións de ata media hora para cruzar a ponte, especialmente en horas punta. Algo que sen dúbida fai aínda máis incompreensible que os usuarios estean a pagar máis por un servizo que en absoluto teña mellorado, nin a todas luces rematado.

Portavoces dos concellos afectados mantiveron unha reunión o pasado día 22 de febreiro co xerente da UTE e o xefe de obra, e o malestar non só se apacigüou, senón que se intensificou, ao confirmarse que as obras que se están levando a cabo forman parte das incluídas no proxecto de ampliación e que o que se fixo o 30 de decembro foi exclusivamente a apertura ao tráfico dos novos carrís.

Esta apertura foi a que favoreceu a suba da peaxe, condicionada a esa circunstancia de suposto remate das obras.

Grupo Parlamentario

A este malestar se lle engade a disconformidade coa falla de información sobre as obras, así como de coordinación e planificación ao respecto da repercusión das mesmas sobre o tráfico de vehículos, o que está ocasionando retencións diarias durante as horas punta que colapsan a entrada e saída dende a península do Morrazo, dificultando que as persoas condutoras poidan realizar seus desprazamentos con normalidade. Algo que está a poñer en perigo a seguridade no tránsito, especialmente no seu paso polos núcleos urbanos de Meira e Domaio, no concello de Moaña.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar e traer á Cámara, no prazo máximo dun mes, un informe que reflecta as condicións pactadas para a finalización das obras de ampliación da ponte de Rande, as obras que estaban realizadas a data do 31 de decembro e a natureza das que se están a levar a cabo dende o 1 de xaneiro.
2. Instar ao estudio do posible incumprimento do convenio asinado que permitía a suba das peaxes dende o 1 de xaneiro do 2018 sempre que estivesen rematadas as obras de ampliación a 31 de decembro, e no caso de que se demostre o cobro non motivado e polo tanto fraudulento das mesmas, solicitar ó Ministerio de Fomento a paralización no cobro do aumento das peaxes e un modo de compensación posterior ós usuarios, unha vez se confirme o remate das obras.
3. Rexeitar en todo caso a xestión que dende o Ministerio de Fomento se está a levar desta obras, por carecer da suficiente transparencia, así como amosar o apoio ós usuarios que cada día véñse afectados.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 15/03/2018 18:17:02

Raúl Fernández Fernández na data 15/03/2018 18:17:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/03/2018 18:17:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/03/2018 18:17:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2018 18:17:23

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

O radón é un gas natural, nobre, radioactivo, causado pola desintegración do uranio e que está asociado a todos os granitos e a outras rochas as cales ceiban pequenas cantidades de gas radón que resulta un gas inerte radioactivo que se transforma co tempo en cesio en forma de po. As consecuencias da aspiración de radón ou do po de cesio son o cancro de pulmón.

En 2013, aprobouse a directiva do Consello Europeo pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes.

Segundo estudos realizados, Galicia sitúase pola súa peculiaridade, na Comunidade Autónoma que máis radón concentra nos postos de traballo, cunha concentración mediana de 251,5Bq/m³, presentando niveles superiores aos 300 Bq/m³ nun 46% dos postos de traballo.

Por parte do Estado Español, non se está a aplicar a Directiva 2013/59/EURATOM, producíndose unha situación de falta total de medidas para a protección do radón, e no caso da Xunta de Galicia, xa se produciron denuncias por negarse a levar a cabo medicións.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



- Instar ao Goberno central a levar a cabo a transposición da Directiva 2013/59/EURATOM.
- Realizar un protocolo específico para o control, medición e prevención do radón nos postos de traballo en colaboración co ISSGA e a USC.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/03/2018 13:19:21

Luis Villares Naveira na data 16/03/2018 13:19:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28111
Data envío: 19/03/2018 12:30:10.055

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos véñense repetindo as denuncias, multas, procesos e condenas ao abeiro das modificacións do código penal e a lei mordaza, co obxecto de sancionar pola vía administrativa e penal actuacións que se poden enmarcar no exercicio de dereitos fundamentais como o de manifestación, folga, reunión, expresión, etc.

Estas sancións e condenas teñen como resultado o amedrentamento, a coacción, a asfixia do exercicio dos dereitos democráticos. Trátase dunha escalada regresiva e represiva que está dando lugar a numerosas condenas ao Estado español por parte do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos.

O 4 de decembro do 2017, a Audiencia Nacional condenou -coa máxima pena pedida pola fiscalía- a 12 integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* pol suposta comisión dun delito de enaltecemento do terrorismo. Cada integrante do colectivo foi condenado a 2 anos e un día de prisión, 4.800 euros de multa e 8 anos e un día de inhabilitación para exercer cargo público.

Cómpre ter en conta que a sentenza fala dun risco “abstracto”, contradicindo a doutrina da Directiva Europea sobre enaltecemento, que indica que debe existir un



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28111
Data envío: 19/03/2018 12:30:10.055

“risco certo e concreto” para a convivencia pacífica na sociedade, que é o ben xurídico a protexer. Asemade, tamén vai en contra da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que establece que hai que ter en conta o contexto no que se producen as mensaxes, e se se trata dun escenario de violencia xeneralizada.

Máis alá destas consideracións a respecto do marco xurídico europeo e internacional, os delitos de enaltecedamento do terrorismo e incitación ao odio estanse convertendo na coartada perfecta para perseguir xudicialmente a artistas e grupos musicais. A idea de fondo é coartar a liberdade de creación, de expresión e de crítica; perseguir a discrepancia política e social, e fomentar a censura e a autocensura.

É indubidábel que tanto no caso da Insurgencia como de artistas como Valtonyc ou Pablo Hasel estamos ante letras subversivas e provocadoras, de denuncia social e de crítica do sistema político. Mais precisamente son a tolerancia, o pluralismo e o dereito á discrepancia os dereitos que distinguen unha democracia. Cando se limitan e se perseguen estes dereitos fundamentais, en lugar de avanzar retrocedemos.

O mesmo acontece no caso dos expedientes administrativos e multas por aplicación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como “Lei mordaza”. Trátase de respostas autoritarias e represivas por parte do Estado ante o malestar e a indignación social, producidos por decisións políticas que causaron un enorme sufrimento pola perda de postos de traballo, de dereitos sociais e laborais, ou polo despexo de vivendas.

As letras das cancións, os discursos públicos de artistas e creadoras, as manifestacións... son –ademais de exercicio da liberdade de expresión e de creación– unha forma de canalizar e darlle visibilidade a esa indignación. Perseguilas penalmente como incitación ao odio e enaltecedamento do terrorismo constitúe un exceso que empobrece a democracia e a fai retroceder cara a tempos pasados.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución expresar o apoio aos integrantes do colectivo musical *La Insurgencia* condenados pola Audiencia Nacional a dous anos e un día de prisión, así como a todas as persoas procesadas, condenadas ou sancionadas por exercer a liberdade de expresión, de creación ou de crítica.

Asemade, o Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar ao goberno do estado a modificación do código penal para impedir a actual interpretación represiva dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo.
2. Solicitar ao goberno do estado a derogación da Lei de Seguridade Cidadá, coñecida como Lei mordaza.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 12:30
Nº Rexistro: 28111
Data envío: 19/03/2018 12:30:10.055

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 12:28:30

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 12:28:37

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 12:28:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 12:28:44

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 12:28:49

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 12:28:53

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**

Exposición de motivos

O mércores 7 de marzo publicouse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de catro prazas de promoción interna e cinco de acceso libre para a especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos, e outras dúas de promoción interna e tres de acceso libre para a especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas. A pesar da relevancia que teñen no noso país as cuestións relacionadas cos ferrocarrís, a citada relación de postos de traballo non solicitaba ningunha persoa experta en materia ferroviaria, algo inexplicable, xa que na actualidade a Xunta carece de persoal con formación específica nese eido. Así é que cando o Goberno galego quere fiscalizar as actuacións de Fomento que atinxen ao tráfico ferroviario ten que recorrer a informes técnicos alleos; informes que logo a Xunta non é quen de avaliar de xeito independente.

A gravidade da situación é patente na medida na que afecta a temas tan sensibles para Galicia como é a inclusión no Corredor Atlántico, o tráfico de mercadorías e a boa vertebración do noso territorio, onde o ferrocarril debe ser unha peza central das políticas de mobilidade.

Que algo semellante suceda a día de hoxe vai máis alá do desleixo e debe cualificarse de aberta temeridade. Xa no ano 2013 observamos o risco inmenso



que supón non contar con expertos en materia ferroviaria. Nese ano, a Xunta impúxolle como peritos ao primeiro xuíz instrutor do accidente de Angrois dous funcionarios autonómicos sen formación específica en cuestións ferroviarias, co obxecto de que analizaran o sinistro do 24 de xullo. Máis que unha forma de colaborar coa xustiza, este movemento foi un xesto que a entorpeceu notablemente, quen sabe se de xeito deliberado e con que intencións partidistas. Non se trata dunha sospeita infundada. Entre o ano 2013 e o ano 2016 o Goberno galego encargou 965 peritaxes xudiciais a persoal dependente da administración e 1.395 a expertos externos. Por que nun caso tan sensible como o de Angrois se preferiron os “expertos” da Xunta en vez de técnicos alleos mellor formados?

A ausencia de técnicos propios volve a ser agora un problema para a Xunta, así como para a correcta avaliación do sucedido en Angrois. O pasado martes 13 de marzo, testemuñas técnicas declararon que o sinistro do Alvia teríase evitado se o sistema ERTMS estivera activo, incluso se estivera instalado quilómetros antes. Unha declaración semellante tería que ser avaliada e tida en conta polo persoal técnico da Xunta especializado en cuestións ferroviarias, pero non existindo tal persoal, quen o tomará en consideración?

Con todo isto sobre mesa, é moi difícil defender que o Goberno do Partido Popular ten o máis mínimo interese en reforzar o noso maltreito sistema ferroviario e a súa seguridade. Se o ten, cómpre que o demostre canto antes con actuacións concretas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a convocar prazas para as especialidades de enxeñería que esixan formación específica en materia ferroviaria.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/03/2018 13:03:26

Antón Sánchez García na data 19/03/2018 13:03:34

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O sector do aluguer vacacional avanza gradualmente e o seu crecemento nos últimos anos supuxo un importante cambio no ámbito turístico.

Os datos constatan a boa situación desta modalidade de aloxamento que, ano tras ano, incrementa o número de usuarios que expresan un alto grao de satisfacción.

Tampouco debemos esquecer que esta modalidade de aloxamentos implican uns complementos económicos importantes para unha parte importante das economías domésticas de milleiros de familias en Galicia, que lles permiten conservar as vivendas mellorando a súa calidade ano a ano. Ademais de contribuír á economía galega a través do pago de impostos, gastos de mantemento, reformas, etc.

O rápido desenvolvemento de Aviturga, Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, que con pouco máis dun ano de vida conta con máis de 4.000 prazas de aloxamento nas catro provincias da comunidade e, o incremento progresivo de asociados, demóstranos que o sector dos aloxamentos de vivendas vacacionais precisaban dunha organización estruturada que defendese os seus intereses dun xeito obxectivo e profesional.

Coas máis de 4.000 prazas de aloxamento en Galicia, Aviturga convértese nun referente vacacional indiscutible en Galicia, e nunha asociación con dereito e capacidade para estar representada en todos aqueles órganos nos que se decidan as accións turísticas a desenvolver en Galicia.

Na introdución do Decreto 149/2012 do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, di literalmente: “A Administración autonómica turística é consciente da necesidade de crear sinerxías que contribúan a establecer políticas de acción colaborativa, especialmente entre os organismos da Xunta de Galicia,



Grupo Parlamentario

pero, fundamentalmente, coas asociacións empresariais do sector, buscando unha representación ampla que involucre a todos os subsectores do turismo de Galicia con maior representatividade da empresa privada, xa que son os verdadeiros actores do desenvolvemento turístico de Galicia”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (Aviturga), entre a formar parte do Consello Galego de Turismo de Galicia.

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/03/2018 12:59:40

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/03/2018 12:59:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/03/2018 13:00:04

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**.

Exposición de motivos

O Foro Económico Mundial vén de advertir que, se non lle poñemos freo á contaminación, no ano 2050 haberá máis residuos que peces no mar. Na actualidade, a situación xa é alarmante, con 8 millóns de toneladas de plástico repartidas por tódolos mares do mundo. Por desgraza, Galicia non é allea a esta situación.

Recentemente, a Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar, que pertence ao Ministerio de Agricultura e Pesca, publicou un informe con datos de 2016. Nel analizaba 26 areas de todo o Estado, cinco dos cales son galegos: a praia de Rodas, nas illas Cíes; a praia pontevedresa de A Lanzada; O Rostro e Baldaio, na Coruña; e Covas, en Lugo.

Durante a elaboración do informe, na praia de Rodas atopáronse 2.184 obxectos, o 86,5% dos cales eran plásticos, o 5,1% papel e o 5,3% restos hixiénicos. En menor cantidade, había tamén residuos de metal, vidro, madeira, roupa e goma.

Os datos de A Lanzada son moi semellantes. Recolléronse 2.143 obxectos, a maior parte (o 66,6%) de plástico.



Nas praias coruñesas a cantidade de lixo atopada foi significativamente menor, aínda que igualmente grave: 911 obxectos en O Rostro e 1.114 en Baldaio. Aínda que a praia máis limpa foi a de Viveiro, na que se deu conta de só 122 obxectos, tamén cunha alta porcentaxe de plásticos (68%).

Non fai falla subliñar aquí a importancia inmensa que o mar ten para Galicia, tanto no que atinxe a súa economía e aos seus sectores produtivos, como no que se refire á súa identidade. Galicia é unha terra aberta ao mar. Debémolles, por elo, o maior dos coidados e das atencións.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe anual no que se recolla a cantidade de lixo que se atopa no mar e nos areais das nosas costas, indicando o tipo de lixo, a súa posible procedencia e o xeito de combater a súa proliferación.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 19/03/2018 13:17:28

Antón Sánchez García na data 19/03/2018 13:17:35

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O luns 6 de febreiro publicábanse non DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia solanivora), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campanha de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia solanivora)”, a cal empezara en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería do Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca e despois de oito meses só abonou 103.000 euros dos 168.000 euros reclamados.

O venres 20 de outubro publicouse non DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca.

Non obstante, tras este percorrido histórico do feito pola Xunta de Galicia, atopámonos con que o executivo non executou todas as partidas que ten destinadas para os afectados pola praga, segundo fontes xornalísticas que á súa vez baséanse en datos da propia Consellería do Medio Rural. É máis, soamente executou o 60 % faltando un 40 % aproximadamente por executar.



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que remate a execución, no primeiro semestre deste ano, dos pagos pendentes e comprometidos aos afectados pola couza guatemalteca.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/03/2018 13:50:21

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/03/2018 13:50:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/03/2018 13:50:42



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de incrementar as pensións non contributivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia dos baixos salarios existentes en Galiza, o noso país recibe pensións contributivas das máis baixas do Estado. Así, con datos de febreiro de 2018, 760.000 persoas reciben algún tipo de pensión contributiva en Galiza, sendo a súa contía media de 788,49 euros. So Estremadura ten unha pensión media menor.

No referido en concreto ás pensións de xubilación galegas tamén son das mais baixas de todo o Estado. Galiza, a data de decembro do 2017, conta con 473.550 persoas que reciben a pensión de xubilación. A pensión media é de 897,95 euros, sendo practicamente a mais baixa do Estado, xa que, outra vez máis, so Estremadura ten unha pensión menor.

O sistema público de pensións complétase coas pensións non contributivas, que as reciben aquelas persoas que se atopan en situación de necesidade aínda que non teñan cotizado nunca ou, tendo cotizado, non o teñan feito durante o tempo exixido en cada caso. Na actualidade, as contías destas pensións son realmente exiguas, sendo a pensión de xubilación non contributiva de 369,9 euros para o 2018.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto, compre ter en conta que as persoas que reciben esta pensión atópanse en situación de necesidade, e compre ter tamén en conta que, debido á estrutura do mercado laboral galego das pasadas décadas, onde a incorporación da muller ao mercado laboral era aínda menor que a actual, a maioría de perceptores desta renda son mulleres.

Co obxectivo de mellorar esta contía, nos orzamentos da Xunta de Galiza para 2018, dótase un “Fondo extraordinario perceptores subsidios e pensións non contributivas” con 8.200.000 euros. Este complemento autonómico supón 206 euros para as preto de 40.000 persoas que perciben pensións non contributivas, do Fondo de asistencia social ou do subsidio de garantía de ingresos mínimos, e foi aboado nun pagamento único en xaneiro. Trátase dun incremento mensual de 17 euros que en absoluto supón un avance realmente significativo na contía da pensión e que mantén ás e aos perceptores de pensións non contributivas cuns niveis de ingresos paupérrimos que dificultan enormemente a satisfacción das necesidades vitais básicas e dificilmente axudará a superar a citada situación de necesidade.

Durante a tramitación dos orzamentos para o 2018, dende o BNG presentamos unha emenda para incrementar o “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas” en 40 millóns de euros, o que suporía 1.000 euros anuais a maiores por prestatario.

Neste sentido, consideramos necesario retomar esta proposta, e realizar un esforzo para aumentar as pensión non contributivas para mellorar as condicións de vida ás persoas preceptoras, mediante un incremento do complemento a estas pensións existente en Galiza e tamén demandando do goberno do estado un maior esforzo na dotación destas pensións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 28138
Data envío: 19/03/2018 13:55:16.165

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a incrementar a contía do “Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas”, de xeito que cada persoa prestataria de pensión non contributiva perciba un incremento de 100 euros mensuais na mesma.

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno español a incrementar as pensións non contributivas até a cuantía equivalente ao SMI.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2018 13:55
Nº Rexistro: 28138
Data envío: 19/03/2018 13:55:16.165

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/03/2018 13:44:51

Noa Presas Bergantiños na data 19/03/2018 13:44:57

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2018 13:45:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/03/2018 13:45:32

Xosé Luis Bará Torres na data 19/03/2018 13:45:37

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2018 13:45:40

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Nos próximos meses vai comezar a negociación dos presupostos da Unión Europea para o seguinte período orzamentario europeo, o 2021 - 2027. É unha negociación de vital importancia para Galicia, xa que, ten posibilidades de perder parte –ou todos– dos fondos estruturais que viña recibindo ata a actualidade.

A política de cohesión, a cal representa máis dunha terceira parte do orzamento total comunitario, constitúe unha ferramenta esencial e solidaria encargada de corrixir os desequilibrios entre as distintas rexións europeas. No período actual, 2014-2021, Galicia saíu claramente beneficiada, xa que puido contar con máis de 4.000 millóns de euros repartidos nos diferentes Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos FEDER, FSE, Fondo de Cohesión, FEADER e FEMP).

Non obstante, debido a diversos motivos –entre eles o Brexit– a cantidade de fondos que pode recibir Galicia no seguinte período se pode reducir drasticamente. Neses motivos podemos destacar o baleiro económico que vai deixar a saída do Reino Unido (o cal aportaba aproximadamente 15.000 millóns de euros ao orzamento comunitario) e os diferentes tipos de rexións e prioridades que establece a Unión Europea para acadar os seus obxectivos: rexións menos desenvolvidas, rexións en transición e rexións máis desenvolvidas que, na actualidade, é onde se atopa Galicia e a maioría das comunidades autónomas do resto de España.

De non conseguir unha negociación frutífera e positiva que afonde nunha maior integración europea a todos os niveis, incluído o económico e financeiro, e na consecución dun maior aporte económico dos Estados membros ás arcas comunitarias –tratando de minimizar o impacto do Brexit–, Galicia sairá perdendo e pode volver de Bruxelas cun recorte de fondos que tería un impacto moi negativo para a nosa comunidade.



Grupo Parlamentario

Acábanse de coñecer hai pouco, febreiro de 2018, algúns dos posibles escenarios futuros para os próximos orzamentos europeos e, as perspectivas non son moi prometedoras nin positivas. No mellor dos casos Galicia mantería o *status quo* actual pero, no resto de escenarios, as perdas serían moi significativas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante este panorama, o Goberno da Xunta de Galicia debe actuar coa dilixencia necesaria posto que os fondos europeos representaron -e teñen que representar tamén para o futuro-, unha fonte de ingresos importante que é necesario resgardar e defender. Ademais debe contribuír a provocar unha modificación no seu caso dos obxectivos para aproveitar as oportunidades en canto ás actividades que produzan un maior valor engadido.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse o Goberno central para que na negociación dos seguintes orzamentos europeos:

1º) Defenda unha maior integración comunitaria e un afondamento na cohesión europea, que dea paso a un incremento da cantidade aportada por parte de todos os Estados membros á Unión Europea, tratando de minimizar así os efectos que vai provocar a perda de ingresos nas arcas comunitarias.

2º) Defenda a posición de Galicia na UE para conseguir, canto menos, manter a cantidade de fondos europeos de todo tipo que está a recibir Galicia no actual período comunitario no seguinte período orzamentario, 2021-2027.

3º) Incluír a regresión demográfica entre os criterios que se deben ter en conta na distribución dos recursos europeos.

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/03/2018 14:03:19



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/03/2018 14:03:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/03/2018 14:03:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a**, relativa a estacionamentos para bicicletas no Parlamento de Galicia e nos edificios públicos.

Exposición de motivos

Tal e como indica o “Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia”, en fase de borrador desde o ano 2013, os modos non motorizados de transporte, é dicir aqueles que non precisan de enerxías producidas por motores senón que utilizan a enerxía humana directamente, ou a animal, como nos desprazamentos a pé, ou mediante un instrumento interposto, como a bicicleta ou os patíns, foron ata hai menos de 150 anos os máis empregados nos desprazamentos humanos e, particularmente, nos urbanos.

A mediados do século XIX, cando Madrid superara os 500.000 habitantes, Nova York, os 750.000, París, o millón, e Londres, os dous millóns, non existían medios motorizados de transporte e a inmensa maioría das viaxes internas ás cidades facíanse a pé ou mediante cabalarías. Ata 1950 os cidadáns europeos movíanse basicamente a pé ou en bicicleta para desprazarse ao traballo, á escola ou de compras.

A historia demostra, así, que os modos non motorizados puideron resolver e poderían resolver hoxe en día unha gran proporción dos desprazamentos internos ás cidades, mesmo nas máis grandes. Constitúen, polo tanto, unha alternativa real ao transporte para un amplo abano de distancias e motivos, presentando ademais



vantaxes evidentes dende o punto de vista ambiental, económico, sanitario e social.

Hoxe en Europa en torno a un 70% de todos os desprazamentos urbanos teñen unha lonxitude inferior a cinco quilómetros, mentres unha proporción próxima á metade percorren menos de 2 quilómetros. A bicicleta ou o desprazamento a pé son plenamente competitivos nestas distancias cos medios motorizados, especialmente co automóbil. Pero incluso cunha intermodalidade adecuada entre o tren e a bicicleta no eixo atlántico de alta velocidade poderíamos aspirar a cubrir desprazamentos en mobilidade laboral sen precisar un vehículo privado a motor.

A bicicleta é, estatisticamente, o medio de transporte urbano máis rápido ata os 7-8 quilómetros de distancia, mentres o camiñar o é ata os 300-500 metros, de acordo ás diversas fontes dispoñibles. Pola súa banda, para percorrer 2 quilómetros andando precísanse en torno a 20 minutos, tempo máis que suficiente para percorrer 5 quilómetros en bicicleta.

Por poñerlles un exemplo practico, desde a Concelleira de Presidencia ata este Parlamento Galego só precisan 13 minutos de agradable paseo en bicicleta ou 16 minutos no caso de que o seu destino sexa ir á estación de tren para e terminar os seus desprazamentos á Coruña, Pontevedra ou Vigo.

Segundo o “Plan Galicia Saudable 6” as enfermidades crónicas non transmisibles (entre ás que destacan pola súa incidencia a obesidade, as enfermidades cardiovasculares e a diabetes) constitúen o principal problema de saúde da poboación galega. Ademais, "o sedentarismo é a

inactividade física están entre as principais causas das enfermidades crónicas non transmisibles, polo que a promoción dunha vida activa é un dos piares sobre os que deben asentarse as estratexias e accións dirixidas á prevención e o control



destas enfermidades". Por este motivo, o Plan Galicia Saudable incorpora tamén no seu programa de "Urbanismo, medio ambiente e mobilidade para fomentar a actividade física" unha serie de medidas de fomento da mobilidade sostible.

Polo tanto o incremento da mobilidade ciclista non só beneficiosa por ser un modo rápido nos desprazamentos urbanos senón que xera beneficios desde o punto de vista da saúde, da redución da contaminación e da súa evidente contribución ao desenvolvemento sostible das nosas cidades e vilas, senón que tamén é rendible desde o punto de vista económico, tanto para as economías familiares como para as contas das administracións públicas, fundamentalmente polo aforro no mantemento de vías que a redución do tráfico a motor implica e pola promoción de novos sectores económicos, sobre todo vencellados ao turismo, que a mobilidade sostible fomenta dun xeito indubidable.

O problema fundamental para incrementar o uso da bicicleta é ter a vontade política de crear as infraestruturas, adaptar a lexislación vixente e dar as facilidades suficientes aos galegos para usar unha bicicleta nos seus desprazamentos dunha forma segura.

A maioría das medidas para permitir este tipo de mobilidade non teñen un custo excesivo se o comparamos con calquera inversión en infraestrutura para os vehículos motorizados, nin se queira é un problema de espazo.

Un dos problemas reais co que se atopan os usuarios de bicicleta é onde deixala estacionada de forma segura cando chegan ao seu destino. O custo dun amarre para dúas bicicletas é aproximadamente de 150€ e no espazo dunha única praza de estacionamento para un automóbil entran once bicicletas pero a pesar destes datos os edificios públicos, na súa inmensa maioría non contan con aparcabiciis para visitantes, empregados ou usuarios dos servizos públicos.



Consideramos que xa que neste 2018 no mes de Abril coincidindo co día internacional da bicicleta, e xa que neste parlamento recibiremos a visita das asociacións galegas de usuarios de bicicleta, sería moi positivo que este edificio público contase cun aparcamento de bicicletas. Non só para os visitantes destas asociacións senón tamén para darlle unha mensaxe aos galegos de que a Xunta de Galicia e o Parlamento de Galicia están comprometidos cunha economía baixa en carbono, que fomentamos os desprazamentos activos e que coidamos da saúde dos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a, dentro da potenciación dos desprazamentos alternativos aos vehículos a motor, a loita contra o cambio climático e a mellora da saúde dos cidadáns, a:

1. Que instale un aparcadoiro de bicicletas no Parlamento de Galicia.
2. Que inicie un estudio para instalar aparcadoiros de bicicletas nos edificios públicos da súa titularidade para visitantes e empregados.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Marcos Cal Ogando na data 19/03/2018 13:13:37

Antón Sánchez García na data 19/03/2018 13:13:45

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O día 1 de decembro de 2016, o Congreso dos Deputados aprobaba, a petición dos Grupos Parlamentarios, Popular, Socialista e de Ciudadanos, a creación dunha subcomisión para a elaboración dun gran Pacto de Estado Social e Político pola Educación.

Ao longo do ano 2017, 83 representantes de profesores, nais e pais, alumnos e partidos políticos así coma expertos de organismos internacionais compareceron na devandita subcomisión. A finalidade destas comparecencias era elaborar un diagnóstico do sistema educativo e formular propostas de mellora aunando a opinión de representantes de todos os sectores da comunidade educativa.

Da lectura das actas das sesións conclúese a existencia dun alto grao de consenso no diagnóstico e nas propostas de mellora. Entre as propostas de mellora máis repetidas atópase a necesidade de modificar a formación inicial do profesorado e establecer a carreira profesional docente, o impulso da formación profesional, a importancia do sistema de becas e axudas ao estudo e a necesaria adaptación ao proceso de dixitalización da sociedade.

Recentemente, os Grupos Parlamentarios, Socialista e de Podemos anunciaron que abandonaban o debate para chegar a un Pacto de Estado Social e político pola

educación aducindo supostas razóns económicas, concretamente, o desexo de vincular a inversión en educación á evolución do PIB, un argumento absolutamente incoherente se temos presente que, nese contexto, un descenso do PIB implicaría un descenso do financiamento do sistema educativo. Fronte a isto, o grupo popular propuxo sempre un financiamento mínimo e estable non vinculado ao PIB, desterrando deste xeito a posibilidade dunha hipotética redución de financiamento para o sistema educativo.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que son moitas as decisións que cómpre tomar con urxencia no que debería ser un Pacto Social e Político pola Educación, sendo preciso abordar todos os temas que se plantexaron na subcomisión do congreso dos deputados, sendo conscientes ademais que co sistema de distribución territorial de competencias, a meirande parte da financiación do sistema educativo decídese en cada unha das comunidades autónomas.

Polo anteriormente exposto, dende o Grupo Parlamentario Popular, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar a todos os Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados que continúen traballando na subcomisión para elaborar un Pacto de Estado Social e Político pola Educación”.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 19/03/2018 18:45:59

César Manuel Fernández Gil na data 19/03/2018 18:46:08

Maria Antón Vilasánchez na data 19/03/2018 18:46:11

Teresa Egerique Mosquera na data 19/03/2018 18:46:20

Carlos Gómez Salgado na data 19/03/2018 18:46:30

Carlos Enrique López Crespo na data 19/03/2018 18:46:40

Antonio Mouriño Villar na data 19/03/2018 18:46:48

Moisés Rodríguez Pérez na data 19/03/2018 18:46:54

Martín Fernández Prado na data 19/03/2018 18:47:04

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

En A Guarda (Pontevedra) hai problemas cada vez maiores na ribeira española no esteiro do Miño. A perda de terreo e de zona dunar son evidentes na praia da Lamiña-O Forte e na zona do Codesal, onde as mareas vivas e o temporal dos últimos días causaron unha significativa aceleración no proceso de mingua do terreo. Tanto que o propio alcalde dirixiu unha carta á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (pois todo o terreo é Rede Natura), a Costas do Estado e á Subdelegación do Goberno en Pontevedra reclamando accións urxentes, dado o acelerado deterioro da liña da costa no esteiro.

A erosión das mareas e outros fenómenos influentes no nivel do río veñen producindo unha perda notable de terreo e de zona dunar dende hai anos, mais nestas últimas semanas o retroceso do terreo na praia da Lamiña en preto de 2 metros, co consecuente derrube de numerosas árbores, aínda foi máis acusado. Neste punto existe, ademais, o risco de que a auga rompa o cordón dunar e acade a coñecida como “cova do Forte”, unha zona onde o nivel do terreo é máis baixo que a do río, polo que se vai provocar o asolagamento e a perda da barreira de dunas e de zona boscosa do Feno.

A maiores, as consecuencias da acción das correntes fluviais e a acción do mar durante estas últimas semanas tamén se poden comprobar na zona do Codesal, onde un tramo de escolleira que fora reparado por Costas do Estado en 2016 (segundo os criterios da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio mediante o uso de sacos

Grupo Parlamentario

de area e sementes para que a vexetación protexera a costa) resultou derruído.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tramitar, de maneira inmediata e urxente, as obras de reparación e contención nas zonas da praia da Lamiña e o Codesal (no Concello de A Guarda), co obxectivo de evitar consecuencias maiores sobre o terreo e o aumento dos custes económicos que os danos polo deterioro da liña de costa que existen na ribeira española do esteiro do Miño poidan ocasionar.
2. Demandar do Goberno do Estado as mesmas obras e solicitar, de maneira inmediata, un informe técnico ao Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas (CEDEX).

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/03/2018 19:06:03



 Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/03/2018 19:06:08

Raúl Fernández Fernández na data 19/03/2018 19:06:13

María Luisa Pierres López na data 19/03/2018 19:06:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/03/2018 19:06:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira e da súa deputada Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa a legislar para facer efectiva a prohibición das portas xiratorias no sector eléctrico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chega o mes de xaneiro, chegan os temporais, os encoros vanse recuperando, os parques eólicos producen á súa máxima potencia, pero “misteriosamente” anúncianse novas subidas do prezo da luz na contorna do 10%. As empresas eléctricas españolas quéixanse de que os seus beneficios son “insuficientes” cando dobran e, nalgúns casos, cuadriplican aos das empresas eléctricas do resto de Europa.

A cobiza dos fondos de investimento internacionais —propietarios en parte das eléctricas españolas— é infinita e moi ben engraxada polas portas xiratorias da presenza masiva de políticos do réxime nos seus consellos de administración. E todo á conta dos consumidores domésticos e industriais, as familias e as empresas, que pagan as tarifas máis caras da UE.

Esta situación, explícase polo marco legislativo ditado polo BOE, con decretos que en moitas ocasións chegan escritos ao Ministerio dende as empresas do sector, que determina un mercado e unhas poxas, extraordinariamente caras, determinados por unha falta de control e xenerosidade do regulador, que volve cargar sobre os consumidores os custos dun sistema ineficaz e ineficiente.



Enormes beneficios construídos sobre elevadas facturas que provocan unha situación de pobreza enerxética intolerable, que non corrixe un Bono Social que deixa fóra a centos de miles de familias en España e Galicia.

Facturas e beneficios privados que non asumen unha serie de externalidades negativas como as emisións de cambio climático, outras emisións contaminantes, vales asolagados, degradación da paisaxe e moitos outros impactos que afectan á cidadanía sen ningún tipo de contrapartida ou que cando as hai lexíslase para que as paguen os propios consumidores. Aquí o que contamina non paga, senón que cobra á conta dos cidadáns que sofren o seu impacto.

As subidas de prezos en períodos de temperaturas especialmente frías, orixinan unha alarma social máis que xustificada porque provocan un aumento do sufrimento de miles de persoas en Galicia e millóns no conxunto do Estado que non poden quentar os seus fogares adecuadamente: son as vítimas da pobreza enerxética.

O Ministro de Enerxía e Axenda Dixital, Sr. Nadal, sinalou que estes períodos de “volatilidade” nas tarifas van ser máis frecuentes, é dicir que son como un fenómeno da natureza do que só cabe refuxiarse e resignarse. Pero non é así. Esta “volatilidade” non é ningún fenómeno natural, ten beneficiarios e causas concretas, é o resultado da acción e da inacción do goberno, que poden e deben revertirse.

A primeira causa é o enorme poder dun grupo de tres empresas, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa, que conforman un auténtico oligopolio enerxético en España, o que lles da poder para manipular o mercado. Segundo o informe anual das axencias de reguladores europeos ACER/CEER, as tres Comercializadoras máis grandes de España controlan o 90% do mercado doméstico, algo inusual no resto da Unión Europea.



Un oligopolio na comercialización, e tamén na produción de enerxía, porque estas tres Comercializadoras pertencen aos mesmos grupos empresariais que as tres Produtoras que controlan máis do 60% da xeración, segundo o Informe Anual de 2016 do Mercado maiorista da CNMC.

A segunda causa é o deseño do mercado maiorista de electricidade como un mercado marxinalista obrigatorio de facto, no que deben participar todos os días os Produtores e Comercializadores para vender ou adquirir respectivamente a súa enerxía.

Un deseño que permite, a un reducido número de empresas exercer o seu poder de mercado para fixar o prezo marxinal de forma que tecnoloxías con custos de produción moi inferiores ao marxinal como a nuclear, a eólica e a hidráulica obteñan beneficios inxustificables, caídos do ceo.

A participación obrigatoria dos Comercializadores no Mercado Diario para adquirir toda a enerxía para os seus clientes, converte este mercado nun mero trámite e así entre o 70% e o 80% da demanda de enerxía, é dicir o consumo base, ofértase todos os días ao prezo máximo.

O que chaman mercado e competencia na realidade non é mais que un trámite no que empresas Comercializadoras e Produtoras do mesmo grupo empresarial intercambian números nas súas follas de cálculo, co único obxectivo de maximizar o seu beneficio.

Esta falta de competencia real é a razón que explica a enorme diferenza entre España e o resto de países da UE: en Francia a porcentaxe de enerxía xestionada no Mercado Diario é o 20% e no Reino Unido só o 14%, mentres que en España o Mercado Diario xestiona máis do 80% da enerxía.



Unha característica peculiar do noso mercado, que unida ao poder de mercado que ten un reducido número de empresas orixina a volatilidade dos prezos e situacións absurdas como que a produción hidráulica marque o prezo marxinal.

Unha volatilidade que en calquera caso pagan os consumidores no prezo do recibo da luz.

A terceira causa é, o efecto conxunto do axuste, en 2014, do mercado Ibérico co resto de Europa, en cumprimento de diversos Regulamentos da Unión Europea, e a duplicación en 2015 da capacidade da interconexión con Francia.

O resultado son maiores intercambios de enerxía co resto da UE e menor control sobre o fluxo de enerxía con Francia e, polo tanto, co resto da UE. Un fluxo que agora, dentro das limitacións físicas da interconexión, depende exclusivamente da diferenza de prezo entre o mercado francés e o mercado Ibérico.

As interconexións supoñen vantaxes para o sistema eléctrico español, como a posibilidade de importar enerxía máis barata ou exportar o exceso de produción eléctrica de orixe renovable. Pero tamén riscos, cando se expón, a través da interconexión, mais do 80% do mercado español, o que se poxa diariamente, á volatilidade puntual de prezos dos mercados europeos interconectados.

En Francia puntualmente o prezo marxinal pode subir a prezos moi altos, pero só afecta a unha parte moi pequena da enerxía vendida, a que se poxa diariamente. Por contra cando o prezo marxinal español se ve afectado por esta subida, en Francia e no resto de Europa, afecta á maioría da enerxía poxada diariamente, o 80%, o que fai que a factura para os consumidores se dispare.

Os beneficiarios desta situación son todos os produtores pero, de forma especial, os tres grandes grupos empresariais que conforman o oligopolio eléctrico español, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa titulares de centrais nucleares,



hidráulicas, eólicas e de carbón: beneficios para elas a costa da sociedade, porque dunha ou outra maneira, todos os consumidores españois saen prexudicados .

Os Regulamentos da Unión Europea regulan o Mercado Diario e a xestión das interconexións, pero non canta enerxía se debe de xestionar nese Mercado. Cada país pode e debe adoptar a estrutura de mercado que mellor lle conveña para gozar das vantaxes das interconexións protexendo aos seus consumidores da volatilidade dos mercados. En España faise todo o contrario.

Un desmesurado e obrigatorio Mercado Diario e un axuste maior e máis estreito co resto da UE é unha combinación que provoca volatilidade dos prezos, e grandes beneficios para os Produtores de electricidade en España.

As grandes eléctricas españolas duplican, e as veces cuaduplican, os beneficios das europeas entre 2013 e 2016: os beneficios das empresas españolas son os máis elevados de Europa, en resultados respecto de facturación. Os resultados das grandes compañías eléctricas españolas foron, de media, do 8% sobre a facturación, cando en Francia foi do 4%, en Gran Bretaña do 1% e en Alemaña do -4%.

Nun mercado de concorrencia competitiva os beneficios empresariais dependen do acerto nos investimentos realizados, da optimización dos seus procesos de produción, distribución e comercialización e, no caso das empresas eléctricas, dos prezos das materias primas, carbón, gas...que é o mesmo para todas as compañías europeas. Pero, no caso español teñen unha dopaxe excepcional que se chama BOE e todas as decisións políticas plasmadas no mesmo –que son as que condicionan o mercado eléctrico– sendo un dos sectores máis dependentes destas decisións. Decisións do Goberno do PP sempre favorables ás compañías do oligopolio e tremendamente prexudiciais para o peto dos cidadáns e para a competitividade das empresas.



No caso de España os beneficios non se deben só aos beneficios típicos do mercado eléctrico a nivel internacional, senón a unha serie de decisións políticas totalmente inxustificadas, verdadeiros agasallos multimillonarios ao oligopolio. Por exemplo, os ingresos polos teóricos custos de transición á competencia, as axudas ao gas, os beneficios caídos do ceo por permitir que a produción nuclear, hidráulica e eólica entre nas poxas diarias onde é vendida a uns prezos desorbitados ou o financiamento do déficit de tarifa dificilmente xustificable. En definitiva unha gran parte dos beneficios destas empresas pagámoslos todos os cidadáns e empresas sen ningunha xustificación de custos nin de mercado.

Entre 2005 e 2016 o prezo da electricidade para o consumidor doméstico en España incrementouse nun 100% cando na maioría de países da nosa contorna oscila o incremento entre o 25% e o 60%.

Un caso moi reseñable é o de Holanda onde o prezo entre 2005 e 2016 se reduciu nun 17,07%. Habería que analizar a fondo que incidencia tivo neste feito excepcional a decisión do Goberno holandés de asumir a xestión pública da rede de distribución favorecendo con iso a autoprodución, o autoconsumo e o control dos custos reais do servizo de distribución.

Custos de distribución que en España terían que ser auditados, da mesma maneira que os de produción, xa que existen diferentes estudos que estiman que están inflados polo menos un 40%, unha cifra equivalente en valores absolutos a 5.000 M€ ao ano que pagamos de máis ás eléctricas por este servizo de distribución.

Toda esta argumentación está avalada por informes da UE, que certifican que o custo de distribución en España é o máis caro de Europa, nalgúns casos con diferencias escandalosas. Por suposto os informes das eléctricas españolas, a partir dos que o Estado lles reconece a retribución sen auditoría nin control



rigoroso algún, son moi diferentes. Os seus desproporcionados beneficios levan a pensar que o informe correcto é o da UE.

Ante todo o exposto, que evidencia as inxerencias políticas das compañías eléctricas para ditar normativas ao seu servizo e encontra dos dereitos e intereses da cidadanía, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Instar ao Goberno de España a legislar para facer efectiva a prohibición das portas xiratorias. Ningún político que tivese responsabilidades de goberno poderá formar parte dos cargos directivos ou Consellos de Administración de empresas eléctricas con sede social ou participación de mercado en España ou nas súas filiais situadas en outros países por un período de 10 anos.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 20/03/2018 09:51:20

Luis Villares Naveira na data 20/03/2018 09:51:28



Carmen Santos Queiruga na data 20/03/2018 09:51:46

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa daa súaas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As pensións públicas constitúen a principal fonte de ingresos de preto de 9 millóns de pensionistas e das súas familias, constituíndose dende a crise nun dos elementos que contribúen a soste a moitas familias na difícil situación económica que atravesan moitos sectores da cidadanía no noso país. Con todo, e a pesar da baixa inflación rexistrada nos últimos exercicios, desde o ano 2011 as pensións públicas viron limitada a súa revalorización, primeiro con medidas anuais en 2011 e 2012 que lles fixeron perder poder adquisitivo, e a partir de 2013 cunha reforma integral do sistema de pensións que, ademais de seguir provocando dita perda de poder adquisitivo, non o garante para o futuro. Esta situación viuse agravada desde finais de 2016, e durante 2017, pois revalorizándose as pensións durante eses exercicios un 0,25 %, con todo os prezos creceron por encima do un por cento, o que supuxo unha diminución significativa do poder de compra dos pensionistas.

Doutra banda, a gravidade e duración da crise, a intensidade do desemprego, especialmente o de longa duración, e a deterioración das condicións laborais para un gran número de persoas rexistrado no noso mercado de traballo nos últimos anos, unido á evolución demográfica, contribuíron a situar o sistema de Seguridade Social en déficit continuado, moito antes do previsto. Por iso, resulta urxente anticipar medidas de reforzo da estrutura de ingresos do sistema, previstas para máis adiante como consecuencia da estrita evolución demográfica, de modo que con iso garántase un adecuado financiamento e sustentabilidade do sistema, mantendo uns niveis dignos de cobertura. A pesar do alarmante desta situación, o Goberno non adoptou ningunha medida que permita, dun lado, asegurar o poder adquisitivo dos pensionistas, e, outro, reequilibrar a curto e medio prazo a situación financeira da Seguridade Social,

Grupo Parlamentario

contribuíndo á súa sustentabilidade coas medidas de mellora de ingresos que sexan precisas.

En Galicia, onde reside o 7,64 % da poboación española de máis de 65 anos, a pensión media non chega aos 900 euros mensuais (879,89 euros), ao redor de 12.273 euros anuais. Con todo, a inmensa maioría dos e das pensionistas fica por debaixo desta cantidade, sobre todo as mulleres. En concreto, 7 de cada 10 xubilados e xubiladas galegas non chega aos 12.673 euros, unha porcentaxe que supera o 80 % no caso das mulleres. O 39 % non chega a 8.500 euros anuais (pouco máis de 700 euros en 12 pagas), pero de novo a porcentaxe entre as mulleres elévase moito máis, ata o 45 %.

Ademais dos retallos realizados dende o Goberno de España, en Galicia reduciuse tamén o orzamento que a Xunta de Galicia dedica dende o ano 2008 ao complemento ás pensións non contributivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

- A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar no ano 2019 o orzamento do fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas ata os doce millóns de euros.
- B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:
 1. Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC. Para iso é preciso eliminar o Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social recollido na *Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social*.
 2. Eliminar o factor de sustentabilidade establecido na *Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social*, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida a partir do 1 de xaneiro de 2019.
 3. Recuperar o consenso político e social que había en 2011 sobre a

- reforma do sistema público de pensións
4. Expor medidas no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social para reequilibrar o déficit estrutural da Seguridade Social que permita manter o gasto en pensións, racionalizar outras partidas de gasto e incrementar os ingresos do sistema, explorando novas fontes de ingresos para completar os ingresos por cotizacións ata que estes se volvan a equilibrar dentro do sistema como, por exemplo, novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras e intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.
 5. Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.
 6. Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres:
 - a) Aprobación dunha Lei de Igualdade Retributiva co fin de eliminar a fenda salarial, e por tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.
 - b) Recuperar a iniciativa lexislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60 % da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Abel Losada Álvarez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 11:15:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 11:16:02

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2018 11:16:04

Julio Torrado Quintela na data 20/03/2018 11:16:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 11:16:13

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A burbulla inmobiliaria causou unha forte crise económica arredor do ano 2008.

Esta sumada á mala xestión urbanística de varios concellos de Galicia que antepuxeron aos promotores, promovendo a concesión de licenzas sen unha planificación axeitada e en moitos casos considerando terreos urbanizables como urbanos, deixou unha herdanza de edificacións e inmobles sen rematar, moi difícil de xestionar, especialmente nos concellos máis pequenos de Galicia.

Esta mala xestión e praxe urbanística ten múltiples afectados: os veciños e veciñas das vilas que conviven con estas edificacións que son foco de abandono, sucidade ou inseguridade urbana, os propietarios e propietarias que adiantaron diñeiro e quedaron sen as vivendas, os que venderon parcelas a cambio de vivenda e quedaron sen ambas cousas, e por suposto a paisaxe urbana, que se ve altamente afectada.

Os medios de prensa recollen como a xeografía galega está repleta destas esqueletos de edificacións a medio rematar, moitas en mera fase estrutural, e que se poden estimar nunhas 50.000 unidades de vivenda.

Grupo Parlamentario

E fábase de estimacións porque non existe unha estatística censal nin a nivel concellos nin autonómica que poida confirmar este dato.

Múltiples son as circunstancias que dificultan a finalización e posta no mercado destas vivendas.

Por un lado moitas, a pesar de ter caducado no tempo os prazos de licenza que permitiron a súa construción, non teñen recibido a comunicación oficial do concello de caducidade da mesma, e extinguindo eses prazos. Probablemente polo medo a asumir unha futura demolición que resulta moi confusa e complexa, especialmente se ten que ser finalmente asumida de modo subsidiario polo propio concello.

Por outro, o descoñecemento sobre a quen notificar as advertencias legais o sancións ás que haxa lugar bloquean a solución en infinidade de casos ao perderse o fío da propiedade en medio de sociedades compartidas, firmas quebradas e bancos con armazóns complexos.

A Sareb foi a entidade que se ten feito cargo de moitas destas edificacións embargadas e propiedade dos bancos rescatados.

A Xunta de Galicia, pon a disposición dos concellos dúas ferramentas para axudar a desenmarañar esta situación destes esqueletos edificatorios. Por un lado a Lei do solo do 2016 contempla no seu artigo 135, do deber de uso, conservación e rehabilitación, especificamente fala de que “o deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza “.

E por outro lado no artigo 136, establece que:

1. Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera persoa interesada, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia

Grupo Parlamentario

dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen as persoas propietarias de bens inmoables a:

- a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.
- b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido no artigo 91 desta lei.

Incluso faculta aos concellos para que apliquen multas coercitivas en caso de negativa por parte da persoa propietaria:

4. En caso de incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1 000 a 10 000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do chan.

Estes artigos non se están a empregar na práctica, e especialmente no caso de grandes edificacións. E principalmente porque quen legisla, a Xunta de Galicia, non é quen aplica a lei, os concellos.

A lei continúa a falar do rexistro de solares, artigo 137, da venda forzosa, artigo 138 e no artigo 140 fala da actuación directa ou a través dunha sociedade urbanística.

Todas estas medidas que a lei dispón como ferramentas para os concellos son accións que necesitan dunha forte vontade política e por suposto contar cuns recursos técnicos e administrativos importantes.

Temos concellos onde falta esa vontade política, outros nos que carecen de medios tendo vontade máis que suficiente, en definitiva, a lei non se está a aplicar, e o problema estase a acrecentar e complicar cada ano que pasa, tendo ademais, unha peor solución co paso do tempo.

Por outro lado, a Xunta de Galicia conta coa axuda da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) que se ofrece a aqueles concellos que queiran a exercer as competencias de vixilancia e control de legalidade urbanística, pero con competencias moi limitadas. A día de hoxe son apenas 60 os concellos que colaboran coa APLU.

A Xunta de Galicia si que ten sociedade urbanística a que fai referencia o artigo 140, Xestur pertencente ao IGVS, figura que salvo nas cidades non existe na maioría dos concellos galegos.

A incapacidade legal e normativa, e por outro lado a ineficacia e inoperancia dos mecanismos de control e vixilancia tanto das administracións locais e autonómicas levan a que exista unha sensación xeral de conformidade e de incapacidade que entendemos hai que afrontar.

Porque construír conforme a unha licenza é algo máis que un dereito, é un deber e unha responsabilidade adquirida, un feito que transcende o particular. A imaxe urbana nos afecta a todos, e atender contra ela, e as consecuencias que conleva o seu abandono, debería estar debidamente controlado e sancionado.

Concellos como o de Carral, Barreiros, Narón, Valdoviño, Monforte, saben ben deste problema, e coma estes moitos outros en toda Galicia. E especialmente preocupante son os casos que afectan ás vivendas plurifamiliares.

Grupo Parlamentario

Todas estas razóns levan a que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presente a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar unha serie de medidas que contribúan a solucionar o problema das construcións inacabadas de Galicia:

1. Impulsar e presentar nesta Cámara, no prazo de 3 meses, a redacción dun **informe de edificacións inacabadas de toda Galicia**, distinguíndoas por concellos, polo seu carácter unifamiliar ou plurifamiliar, polo estado de vixencia ou caducidade das licenzas de construción (data de concesión, prazos previstos, prórrogas outorgadas), pola identificación dos seus promotores ou propietarios actuais (Sareb, outras entidades financeiras, grandes propietarios de vivendas, descoñecidos ou ilocalizables, ...), polas sancións aplicadas no seu caso, motivos da paralización, polo estado actual, indicando as unidades ou partidas pendentes de executar e o seu importe, así como pola adecuación da obra prevista ao planeamento vixente.
2. En función de dito informe xerar un **mapa galego de vivendas inacabadas** que permita ler de forma global a magnitude do problema e marcar unha serie de pautas de actuación e priorización das mesmas.
3. Demandar da Sareb e dos grandes propietarios e propietarias de vivenda, naqueles concellos nos que posúan vivendas, independentemente do seu tamaño, que execute á finalización das obras, e nos que exista a constatación de persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivendas protexida, impulsar as medidas necesarias para posibilitar a súa posta a disposición para dar servizo a eses demandantes, xa sexa para alugueiro ou en propiedade.
4. Priorizar e fomentar o uso do Fondo de Cooperación dispoñible naqueles concellos que aposten polo restablecemento da legalidade urbanística en casos de edificacións inacabadas con licencias caducadas, colaborando a sufragar os gastos que isto conleve.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. En colaboración cos concellos, desenvolver mecanismos de control que favorezan a activación e finalización das obras, especialmente as pertencentes á Sareb e grandes propietarios, desenrolando para tal fin unha normativa que sexa máis clara e lexible, actuando en todo momento baixo o criterio do interese común, que primará a finalización sobre a demolición, especialmente nos casos nos que a normativa e cambios no planeamento non impidan a súa finalización conforme á licenza outorgada no seu día.
6. Realizar un informe anual sobre o estado do Mapa de vivendas inacabadas, as accións acometidas e análise da efectividade das medidas adoptadas.
7. Impulsar o papel da APLU ca posta en marcha dun servizo dependente da mesma que co persoal e recursos suficientes, colabore cos concellos na vixilancia e control de todas as edificacións inacabadas de Galicia.
8. Coordinar as súas actuacións coa Fegamp co fin de aplicar a lexislación urbanística de xeito eficaz, colaborando cos concellos dende o punto de vista técnico, legal e administrativo

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 20/03/2018 11:29:15



 Grupo Parlamentario

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 11:29:20

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 11:29:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2018 11:29:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 11:29:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación do mercado laboral da mocidade en Galicia poderíase cualificar como precario, inestable e sen dereitos. Os datos amosan que a empregabilidade para a mocidade se caracteriza por unha curta duración dos contratos, elevados índices de temporalidade, riscos para a saúde laboral, reducións de xornadas non desexadas, fenda xeracional, ou exceso de horas extras (con ou sen remuneración) case sempre de realización obrigatoria. As causas desta situación son múltiples, ademais da crise económica, e da reforma laboral posta en marcha polo PP, os instrumentos de creación de emprego, como por exemplo o Programa Operativo FSE Emprego Xuvenil do período 2014 -2020, non está a cumprir os obxectivos polos que se puxo en marcha.

Esta situación ten levado nos últimos anos a milleiros de mozos e mozas á emigración, un feito que non soamente supón un drama social, senón tamén un lastre económico, pois a meirande parte dos que abandonaron Galicia nos derradeiros anos posúen unha alta cualificación académica e profesional, polo que a consecuencia desta situación é a perda de recursos humanos nos que as administracións públicas levan invertido millóns de euros en formación; investimento que non reverterá na nosa sociedade nin no noso sistema económico pola fuga de talentos.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Fomentar o contrato relevo co obxectivo de que exista unha transmisión de coñecemento entre a xeración que accede á xubilación e o seu relevo xeracional.
2. Poñer en marcha un estatuto das bolsaeiras e bolsaeiros que regule as bolsas curriculares e as bolsas de investigación, co obxectivo de regular de maneira máis eficaz os requisitos que teñen que cumprir as empresas e institucións, a duración máxima das prácticas, ou un marco de protección social. As bolsas extracurriculares non deben incluírse neste estatuto porque deben transformarse nun contrato laboral.
3. Reformular a aplicación do Plan de garantía xuvenil, tomando alo menos as seguintes medidas:
 - a) Incluír criterios de calidade para os empregos ofertados no Plan de garantía xuvenil da nosa comunidade autónoma, así como a formalizar a intención de ofrecer postos de calidade, incluíndoas nas normas vixentes relacionadas coa garantía xuvenil. Os devanditos criterios de calidade terán que ser acordados cos actores implicados no programa.
 - b) Realizar un estudo da poboación diana do programa, facendo especial fincapé naqueles mozos e mozas que non estudan nin traballan, para así poder dirixirse a eles con campañas máis efectivas, e poder facer un traballo máis adaptado ás súas necesidades e perfís. É dicir, incorporar ao enfoque actual moi centrado na oferta (empresas), á demanda (desempregado mozo).
 - c) Establecer mesas de diálogo cos principais actores implicados e representantes da mocidade, tales como asociacións xuvenís ou o *Consejo de la Juventud de España*, para realizar un correcto seguimento do plan e incluír posibles melloras.
 - d) Fixar uns obxectivos cuantitativos nas accións formativas, educativas e de emprego a realizar polo programa, que deberá levar a cabo unha vez se obteña un estudo máis

 Grupo Parlamentario

pormenorizado da poboación diana á que se dirixe o programa.

- e) Establecer un cronograma en que se detalle cando se van a realizar as accións descritas anteriormente e comprometerse a cumprilo.
- f) Elaborar e publicar semestralmente un informe sobre os resultados da aplicación do Plan de garantía xuvenil en Galicia.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Derrogar o *Real decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral*.
2. No marco do Dialogo Social, analizar os distintos aspectos do contrato para a formación que levaron á precarización do mesmo, como son, os requisitos persoais do traballador contratado para a formación; o contido da prestación de servizos: a formación teórica e práctica do traballador ligada á obtención dun título e o traballo realizado na empresa; a relación tempo de traballo e formación e o seu control; os dereitos básicos máis relevantes: certificados de formación adquirida, salario e protección social; os estímulos económicos á contratación; así como as consecuencias xurídicas que deberían derivarse dos seus incumprimentos, aspectos todos eles a analizar para acometer as reformas normativas que permitisen o cumprimento da finalidade para a que foi creado e evitar o seu uso fraudulento.
3. Intensificar as campañas de Inspección de Traballo para a vixilancia dos contratos para a formación e a aprendizaxe, en relación ao cumprimento dos requisitos esenciais desta modalidade contractual, relativos á formación, distribución do tempo de traballo e formación e cumprimento da xornada, iniciando os procedementos sancionadores e liquidatarios oportunos.

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 13:06:19

Julio Torrado Quintela na data 20/03/2018 13:06:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 13:06:29

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Anxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No día de hoxe a comunidade escolar coñeceu a través da prensa, non da Consellería de Educación, os resultados das analíticas realizadas a auga do colexio Público Rosalía de Castro de Carril.

Os resultados que foron retrasados durante máis dun mes, mostran unha situación absolutamente intolerable, os nenos e nenas tiveron que soportar niveis de ferro na auga de consumo que duplicaban o legalmente aceptable. A normativa establece 600 microgramos por litro de auga os valores máximos de ferro permitidos, as analíticas deron resultados de 1.293 microgramos e 1.440 na última mostra, máis do dobre do permitido legalmente. Recordemos que os valores legais non son os saudables.

Esta situación de enorme gravidade foi consentida pola consellería, que tratou de enganar, ou directamente enganou a comunidade escolar sobre a imposibilidade de obter con mais premura o resultado das analíticas, aducindo problemas co laboratorio encargado, unha falsidade que pretendía gañar tempo e acadar algún



resultado satisfactorio, deixando a saúde dos nenos e nenas en segundo planto. Lamentable.

Compre facerse algunha pregunta ante tan vergonzosa situación. Pero quen é a responsable de que isto tivera acontecido durante os últimos anos no centro? Cantos anos levan consumindo auga insalubre os nenos e nenas do colexio de Carril? Quen é o responsable de que non se fixeran as analíticas ata que as propias nais deron a voz de alarma?

A consellería chegou a racanear o investimento necesario para solucionar esta problemática, tratando de que se fixeran cargo outras administracións que non teñen entre as súas competencias a realización deste tipo de obras.

A historia deste centro público nos últimos anos é a dunha mancha de problemáticas provocadas pola inapropiada e indecente actuación da Consellería, dende os retrasos na retirada do amianto, a chapuza da modificación dos falsos teitos, a incompleta modificación dos teitos, e as pendentes reformas dos baños, as fiestras e a instalación eléctrica.

Ante esta situación parece que estamos ante o que se da en chamar edificio enfermo e entendemos que compre darlle unha solución definitiva, evitando un novo cúmulo de solucións chapuceiras que incrementan custes e riscos.

Por último, ante a evidente posta en risco das saúde dos nenos e nenas do colexio de Carril, parece necesario depurar responsabilidades políticas, non pode ser que durante anos se sometese a esta comunidade escolar a unha condicións de saúde pública inadecuada, e que ninguén de explicacións e asuma a responsabilidade política desta vergonza de actuación pública.



Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Resolver de forma inmediata os problemas de salubridade que provoca a instalación de auga do centro escolar Rosalía de Castro de Carril e as obras urxentes que demanda a AMPA do centro.
- Incluír nos vindeiros orzamentos da Xunta unha partida suficiente para a construción dun novo centro público nos terreos do actual.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018.

Asdo.: Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/03/2018 13:10:47

Luca Chao Pérez na data 20/03/2018 13:11:00



Luis Villares Naveira na data 20/03/2018 13:11:07

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O pasado 9 de marzo actual o ministro de Facenda e Función Pública asinou con CCOO, UGT e CSI-F o *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, tras manifestar que a mellora da situación económica e orzamentaria e o recoñecemento da aportación que ten suposto o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das Administracións Públicas para acadar esta situación, conduce a un escenario no que se articula un acordo global e plurianual.

As partes asinantes consideran que a situación actual aconsella articular aspectos retributivos nun marco temporal axeitado, para dotar de estabilidade, certeza e seguridade nesta materia ás administracións públicas e ao persoal ao seu servizo. A mellora das condicións de traballo do persoal funcionario, laboral, estatutario, docente e ao servizo da Administración de Xustiza redundará de maneira directa nun incremento da calidade da prestación dos servizos públicos que recibe a cidadanía.

O acordo, en materia retributiva, formula un horizonte temporal a tres anos a incluír nas sucesivas leis orzamentarias, quedando a parte variable vencellada durante 2018, 2019 e 2020 ao crecemento da economía española e, no terceiro exercicio, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O acordo tamén recolle o incremento da Oferta de Emprego Público de 2018, con taxas adicionais para determinados sectores ou derivadas de incrementos de poboación.

En terceiro lugar, este acordo asume novos compromisos en materia de estabilidade do emprego público, xornada de traballo, conciliación e tratamento retributivo das situacións de incapacidade temporal, plans de igualdade, necesidades formativas e xubilación parcial.

Sen prexuízo daquelas materias acordadas que afectan a competencias básicas estatais, os demais aspectos recollidos neste acordo poderán ser obxecto de negociación nos seus respectivos ámbitos, incluído, no caso de Galicia, o noso sector público autonómico.



Grupo Parlamentario

Considerando a transcendencia deste acordo en materia de emprego público, que debe ter xa reflexo no presente exercicio 2018 na nosa Administración autonómica.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a abordar coa maior urxencia a negociación para a aplicación no sector público autonómico do *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, subscrito con data 9 de marzo actual polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais.

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/03/2018 16:25:28

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2018 16:25:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 16:25:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2018 16:25:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 16:26:07

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O pasado 9 de marzo actual o ministro de Facenda e Función Pública asinou con CCOO, UGT e CSI-F o *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, tras manifestar que a mellora da situación económica e orzamentaria e o recoñecemento da aportación que ten suposto o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das Administracións Públicas para acadar esta situación, conduce a un escenario no que se articula un acordo global e plurianual.

As partes asinantes consideran que a situación actual aconsella articular aspectos retributivos nun marco temporal axeitado, para dotar de estabilidade, certeza e seguridade nesta materia ás administracións públicas e ao persoal ao seu servizo. A mellora das condicións de traballo do persoal funcionario, laboral, estatutario, docente e ao servizo da Administración de Xustiza redundará de maneira directa nun incremento da calidade da prestación dos servizos públicos que recibe a cidadanía.

O acordo, en materia retributiva, formula un horizonte temporal a tres anos a incluír nas sucesivas leis orzamentarias, quedando a parte variable vencellada durante 2018, 2019 e 2020 ao crecemento da economía española e, no terceiro exercicio, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O acordo tamén recolle o incremento da Oferta de Emprego Público de 2018, con taxas adicionais para determinados sectores ou derivadas de incrementos de poboación.

En terceiro lugar, este acordo asume novos compromisos en materia de estabilidade do emprego público, xornada de traballo, conciliación e tratamento retributivo das situacións de incapacidade temporal, plans de igualdade, necesidades formativas e xubilación parcial.

Sen prexuízo daquelas materias acordadas que afectan a competencias básicas estatais, os demais aspectos recollidos neste acordo poderán ser obxecto de negociación nos seus respectivos ámbitos, incluído, no caso de Galicia, o noso sector público autonómico.



Grupo Parlamentario

Considerando a transcendencia deste acordo en materia de emprego público, que debe ter xa reflexo no presente exercicio 2018 na nosa Administración autonómica.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a abordar coa maior urxencia a negociación para a aplicación no sector público autonómico do *II Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo*, suscrito con data 9 de marzo actual polo ministro de Facenda e Función Pública coas organizacións sindicais.

Pazo do Parlamento, 19 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/03/2018 16:26:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/03/2018 16:26:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/03/2018 16:26:46

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/03/2018 16:26:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 16:27:29

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A sede do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é un dos poucos exemplos que se conserva en Galicia do románico civil. Este espazo declarado monumento histórico artístico en 1931, está situado no edificio do antigo Pazo Episcopal, no centro histórico da cidade. O conxunto está en remodelación dende hai máis de quince anos por mor dunhas obras de rehabilitación que se demoran no tempo. Os servizos do museo trasladáronse ao edificio Santa María de Europa, na Carballeira, onde non están á vista do público en xeral senón só para a consulta de xornalistas e investigadores, no que se almacenan algunhas das coleccións, excepto unha selección da escultura máis representativa, que se mostra permanentemente na sala de exposicións San Francisco.

Daquelas, díxose que a obra estaría rematada para o 2003, sen embargo nin sequera a día de hoxe está adxudicada, e soamente se avanzou escollendo un proxecto no verán do 2015, mediante un concurso de ideas.

Ata o de agora só podemos destacar que se iniciou a tramitación da modificación do plan urbanístico (PEPRI), o pasado mes de outubro, que regula o casco vello da cidade para poder executar a reforma do arqueolóxico, co que xa se dá conta do estado no que se atopa o proxecto.

Pola súa banda, todo parece indicar que, sexa polos titulares do edificio, Goberno de España, ou polos que o xestionan en exclusiva, Xunta de

Grupo Parlamentario

Galicia, o museo máis importante da provincia de Ourense segue co peche botado. A desidia e o desleixo das distintas administracións durante todos estes anos, con sucesivos recortes e execucións parciais do orzamento cultural destinado a Ourense, fixeron o resto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

1. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que nos vindeiros orzamentos xerais do Estado se consigne a cantidade suficiente para a protección do patrimonio cultural da provincia de Ourense e, nomeadamente, no que se refire ao Museo Arqueolóxico Provincial para rematar as obras e abri-lo ó público o antes posible.
2. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha todas as medidas ao seu alcance para que se concrete unha remodelación que se demora por máis de 15 anos, e que impide a apertura ao público do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Noela Blanco Rodríguez na data 20/03/2018 19:28:32

Raúl Fernández Fernández na data 20/03/2018 19:28:39

María de la Concepción Burgo López na data 20/03/2018 19:28:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/03/2018 19:28:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/03/2018 19:28:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 7.^a, sobre os traballos que poden realizar as CCMMMC nas liñas de axuda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os montes veciñais en man común, son terreos de titularidade colectiva comunitaria. A súa propiedade atribúese á comunidade veciñal, independentemente dos membros que a formen en cada intre. A veciñanza é a única condición para ser copartícipe dos dereitos sobre estas terras, que non poden ser transmitidas individualmente.

Conforman unha propiedade de carácter xermánico, con ausencia de cotas e, xa que logo, inalienable, indivisible, imprescritible e inembargable.

Constitúen espazos xeográficos que deben cumprir, para un uso sostible, as tres funcións tradicionais (social, ecolóxica e produtiva) de xeito compatible e integrador.

Existen unhas 2.900 comunidades de montes, esténdese por 248 dos 316 Concellos de Galiza ocupando un 25% do territorio galego aproximadamente.

As Comunidades de Montes, están constituídas pola veciñanza comuneira reunida en Asemblea Xeral, decidindo democraticamente a xestión e administración dos seus montes. Só á veciñanza comuneira corresponde a



decisión sobre os usos e aproveitamentos destas propiedades, sen interferencias alleas.

Non obstante, é claro o ataque que estas están a sufrir pola administración autonómica o non ser quen esta, de cumprir a propia lei de CCMMMC.

Hoxe, hai CCMMMC que dispoñen de persoal cualificado e de maquinaria para facer os traballos no monte.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que en tódalas liñas de axudas nas que sexan beneficiarias as Comunidades de Montes, estas e as súas mancomunidades, tamén poderán facer os traballos obxecto das axudas, favorecendo así a xeración de emprego na perspectiva da economía local e social.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 20/03/2018 20:27:52

Paula Quinteiro Araújo na data 20/03/2018 20:28:17

Luis Villares Naveira na data 20/03/2018 20:28:23

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.^a**, sobre o reinvestimento obrigado do 40% de tódolos ingresos dos MMVVVMC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os montes veciñais en man común, son terreos de titularidade colectiva comunitaria. A súa propiedade atribúese á comunidade veciñal, independentemente dos membros que a formen en cada intre. A veciñanza é a única condición para ser copartícipe dos dereitos sobre estas terras, que non poden ser transmitidas individualmente.

Conforman unha propiedade de carácter xermánico, con ausencia de cotas e, xa que logo, inalienable, indivisible, imprescriptible e inembargable.

Constitúen espazos xeográficos que deben cumprir, para un uso sostible, as tres funcións tradicionais (social, ecolóxica e produtiva) de xeito compatible e integrador.

Existen unhas 2.900 comunidades de montes, exténdese por 248 dos 316 Concellos de Galiza ocupando un 25% do territorio galego aproximadamente.

As Comunidades de Montes, están constituídas pola veciñanza comuneira reunida en Asemblea Xeral, decidindo democraticamente a xestión e administración dos seus montes. Só á veciñanza comuneira corresponde a



decisión sobre os usos e aproveitamentos destas propiedades, sen interferencias alleas.

Non obstante, é claro o ataque que estas están a sufrir pola administración autonómica o non ser quen esta, de cumprir a propia lei de CCMMMC.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Retirar do montante dos ingresos dos MMVVMC as cantidades recibidas por calquera tipo de axudas xa que todas son finalistas ao ter que ser investidas no obxecto subvencionado.
2. Cuantificar como ingresos contemplados no investimento obrigado do 40%, non soamente os contemplados nos planos de ordenación, senón tamén os acordos assemblearios das comunidades de montes referentes a posta en valor dos mesmos.
3. Nos montes veciñais en man común dotados de un plan de ordenación ou un instrumento de xestión, o investimento obrigado deberá ser o que no instrumento se indique.
4. Manter o investimento obrigado do 40% naqueles MMVVMC que non teñan un instrumento de xestión.
5. Naqueles MMVVMC en zonas desfavorecidas ou con pouca poboación, o investimento obrigado non podería superar o 15%, xa que nestes lugares, ao recibir rendas dos MMVVMC os seus titulares, axuda a fixar poboación no medio.



Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araújo,

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/03/2018 10:54:13

Paula Quinteiro Araújo na data 21/03/2018 10:54:25

Luis Villares Naveira na data 21/03/2018 10:54:32

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Algunhas das consecuencias da tala ilegal de madeira son as ameazas ás poboacións indíxenas, a degradación dos bosques, a perda de biodiversidade e o agravamento do cambio climático.

Nestes días tivemos noticia de que GREENPEACE ten comunicado ao Goberno galego que o Porto de Vigo podería ter recibido madeira procedente de tala ilegal de Brasil. Segundo a organización ecoloxista, a finais do pasado ano a lo menos un barco con destino Vigo cargou madeira ilegal en Paranagua (Brasil) a través da empresa “Madeiras Cedroarana” e resulta que esta empresa madeireira está directamente relacionada coa masacre de Colniza (onde 9 persoas foron asasinadas o 20 de abril de 2017), sendo multada reiteradamente pola máxima autoridade ambiental de Brasil por comerciar con madeira ilegal. Polo visto, o axente internacional que realizou a operación comercial é a empresa “Global Gold Forest Lda (GWP)”, representada en España por “Atlantic Timber Agency”, as dúas con sede postal en Marín (Pontevedra).

Cómpre lembrar que está en vigor o Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello, polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e os seus produtos, máis coñecido como Regulamento EUTR, segundo o que as empresas están obrigadas a dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal. O certo é que España está entre os países peor valorados pola Comisión Europea dos 28 membros

Grupo Parlamentario

da UE, empatada con Luxemburgo e Malta e tendo só por debaixo a Polonia e Hungría. De feito, houbo que agardar ata 2015 para que o Goberno do Estado aprobara a aplicación do Regulamento EUTR mediante o Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, para asegurar a legalidade da comercialización de madeira e dos seus produtos. E precisamente pola falla de información que deberían aportar as autoridades das comunidades autónomas, di GREENPEACE que se descoñecen os controis xa feitos, os expedientes abertos ou as medidas correctoras impostas polo incumprimento do Regulamento EUTR.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, de acordo co Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello, e o Real decreto 1088/2015, do 4 de decembro, e coa fin de asegurar a legalidade da comercialización de madeira e dos seus produtos, a:

1. Comprobar que as empresas importadoras de madeira dispoñen dun procedemento interno para analizar e minimizar os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal.
2. Establecer, a tal efecto e de maneira inmediata, un calendario de controis ás empresas importadoras de madeira.
3. Adoptar medidas correctivas (incluída a incautación da madeira) e, no seu caso, sancionadoras no suposto de incumprimento das normas antes mencionadas.

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga



 Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/03/2018 13:04:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/03/2018 13:04:24

Raúl Fernández Fernández na data 21/03/2018 13:04:31

María Luisa Pierres López na data 21/03/2018 13:04:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/03/2018 13:04:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Davide Rodríguez Estévez e das súas deputadas Paula Quinteiro Araujo e Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

Exposición de motivos

O Programa de Desenvolvemento Rural Sostible (PDRS) en Galicia é unha iniciativa do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación coa Xunta de Galicia, que procura o desenvolvemento do medio rural galego dun modo sostible e conta cunha cofinanciación ao 50% entrambas as dúas Administracións.

Neste Programa realízase unha análise e un diagnóstico sobre a situación do medio rural, defínese unha estratexia de desenvolvemento rural, concrétnanse as zonas rurais que delimitaron e propuxeron para a súa aplicación dende a Comunidade Autónoma de Galicia, especificáanse os tipos de actuacións multisectoriais que se poderán poñer en marcha, defínese o contido que deben ter os Plans de Zona como instrumentos para planificar a súa aplicación en cada zona rural, determínase o marco de cooperación entre as Administracións Públicas que conflúen sobre o medio rural para a súa posta en práctica, defínese o orzamento e sistema de financiamento, e conclúese cun sistema de avaliación e seguimento. Para o seu desenvolvemento asínase un convenio entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Xunta de Galicia.

A Resolución de 22 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio



Ambiente), publica o Convenio específico coa Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das acción incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

O convenio asinou o 7 de maio de 2012 e a Resolución publicouse no Boletín Oficial do Estado do 11 de xuño de 2012 (núm. 139). O seu obxecto é materializar a colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliacións das actuacións concertadas.

O convenio prevé que as accións para executar se estructuren en catro eixos:

- Actividade económica e emprego
- Infraestruturas e equipamentos básicos
- Servizos e benestar social
- Medio ambiente

O PDRS (Programa de Desenvolvemento Rural Sostible) 2014-2020 non está publicado na web de Agader como o estaba o anterior, así como tampouco están as zonas do mesmo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a publicar na web de Agader o PDRS (Programa de Desenvolvemento Rural Sostible) 2014-2020, así como as zonas do mesmo e os plans de zona.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Asdo.: Luís Vilares Naveira

Paula Quinteiro Araujo

Voceiro do G.P. de En Marea.



Paula Vázquez Verao

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/03/2018 16:58:12

Paula Quinteiro Araújo na data 21/03/2018 16:58:20

Paula Vázquez Verao na data 21/03/2018 16:58:29

Luis Villares Naveira na data 21/03/2018 16:58:36

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Marián García Míguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral, Sandra Vázquez Domínguez e Aurelio Núñez Centeno** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A violencia sexual, os abusos sexuais e o acoso sexual son formas de violencia de xénero tal e como recoñece o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

A aprobación unánime desta lei, estando o Grupo Popular na oposición, amosa que hai posibilidade de avanzar na protección das vítimas mediante medidas de consenso cando hai xenerosidade dende a oposición.

No Pleno do pasado 20 de marzo este Grupo fixo, a través dunha emenda, unha proposta sobre a protección das vítimas das violencias sexuais que non foi acollida con esa xenerosidade por parte da oposición.

A nosa intención, sen embargo, é sacar adiante estas medidas e por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Crear un grupo de traballo dentro do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, sobre a prevención, sensibilización, detección e información sobre as violencias sexuais.
 - Que deste grupo de traballo formen parte todas as administracións, colectivos e asociacións especializadas.
 - Que se elabore un protocolo de acoso sexual para difundir e por en marcha nas empresas galegas.



- Que se difunda e dea a coñecer o servizo xa existente na páxina web da Xunta de Galicia, dentro do mapa de recursos, concretamente o referido á Área de violencia de xénero: <https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>.
2. Seguir ofrecendo atención especializada ás vítimas de violencia de xénero, entre as que se inclúen as vítimas de violencias sexuais, de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
 3. Elaborar unha macroenquisa galega sobre a incidencia da violencia de xénero ao longo do ciclo da vida das persoas.
 4. Levar adiante un programa específico para o persoal da administración pública en materia de prevención do acoso sexual.
 5. incluír a información referida ás violencias sexuais dentro do Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, que se presenta no Parlamento de Galicia.
 6. Incrementar no vindeiro exercicio orzamentario o presuposto consignado á Igualdade de xénero, así como a prevención e intervención no ámbito da loita contra a violencia de xénero”.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/03/2018 17:08:02

Paula Prado Del Río na data 21/03/2018 17:08:18

María Ángeles Garcia Míguez na data 21/03/2018 17:08:29

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 21/03/2018 17:08:37

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/03/2018 17:08:55

María Encarnación Amigo Díaz na data 21/03/2018 17:09:06

Marta Rodriguez Arias na data 21/03/2018 17:09:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Soraya Salorio Porral na data 21/03/2018 17:09:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 21/03/2018 17:09:30

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/03/2018 17:09:37

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.

Exposición de motivos

A mesa pola Normalización Lingüística acaba de presentar un informe sobre a situación da lingua galega na programación infantil da TVG poñendo de manifesto un retroceso do noso idioma de tal forma soamente un 4,6% da programación diaria e o 2,7% na fin de semana garante a presenza do galego.

Isto únese á exclusión do galego en series e debuxos infantís que contan con dobraxe previo pero que non se inclúe na súa comercialización en DVD ou outros formatos.

Consideramos que esta situación é preocupante, máxime cando hai tempo que coñecemos que o uso do galego se está a reducir entre os máis novos e a televisión, xunto cos produtos audiovisuais, son fundamentais para a normalización da lingua galega entre os máis pequenos e os mozos e mozas, é máis a TVG ten a obriga legal de impulsar ese proceso de normalización.

